



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE VIAL DA ÁREA DE REPARTO Nº 14 DO PXOM DE A ILLA DE AROUSA”

Na Casa do Concello de A Illa de Arousa, sendo as doce horas do día cinco de decembro de dous mil doce, reúnese a Mesa de Contratación convocada para a adxudicación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE VIAL DA ÁREA DE REPARTO Nº 14 DO PXOM DE A ILLA DE AROUSA”, por procedemento negociado sen publicidade por razón da cuantía, ca asistencia do Sr. Alcalde-Presidente da Corporación D. José Manuel Vázquez Vázquez como Presidente e como Vocais o Concelleiro D. Carlos Iglesias Cores, o Secretario-Interventor do Concello D. Daniel Angel Lamas Bello e a Arquitecta Municipal Dña. Pastora Parada Portas, actuando como Secretario o funcionario municipal D. Xoán Manuel Dopico Orjales.

Constituída a Mesa, en primeiro lugar se sinalan as empresas que presentaron oferta segundo o certificado de Secretaría que se acompaña ó expediente, resultando as seguintes:

- SERCOYSA Proyectos y Obras SA.
- COVSA Construccións, Obras e Viais SA.
- ARIAS HERMANOS SA.

Seguidamente o Secretario certifica a relación de documentos que figuran en cada sobre e seguidamente a Mesa declara admitida as seguintes proposicións:

- SERCOYSA Proyectos y Obras SA.
- COVSA Construccións, Obras e Viais SA.
- ARIAS HERMANOS SA.

A continuación comeza o acto público de apertura das proposicións económicas, dándose lectura ás mesmas, cuio contido é o seguinte:

SERCOYSA Proyectos y Obras SA

- Importe: 68.6848,00 euros.
- Melloras: Non se ofertan.
- Ampliación prazo garantía: 1 ano máis dos 2 anos sinalados no pliego de cláusulas administrativas particulares.
- Puntuación total: 5 puntos.

COVSA Construccións, Obras e Viais SA

- Importe: 68.6848,00 euros.
- Melloras: Non se ofertan.
- Ampliación prazo garantía: Non.
- Puntuación total: 0 puntos.

ARIAS HERMANOS SA

- Importe: 68.648,00 euros.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- Melloras: Non se ofertan.
- Ampliación prazo de garantía: Non.
- Puntuación total: 0 puntos.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos presentes propoñer para a adxudicación á empresa SERCOYSA Proyectos y Obras SA, por un importe de 56.733,88 euros e 11.914,12 euros en concepto de IVA, cun total de 68.648,00 euros, cunha ampliación do prazo de garantía de un ano sobre os dous anos sinalados no pliego de cláusulas administrativas particulares.

Quedan unidas ó expediente as proposicións económicas presentadas.

O Presidente da por terminada a reunión, sendo as doce trinta horas, e para constancia do tratado redacto a presente acta, da cal eu como Secretario da Mesa dou fe.

O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

Fdo. José Manuel Vázquez Vázquez

Fdo. Xoán Manuel Dopico Orjales